WIKIPEDIA

Rukwangali

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **RuKwangali** (que significa "lingua dos kwangali"), ou **Kwangali**, é un idioma do subgrupo bantú das linguas níxer-congo, falado como lingua tradiconal polos ponos a ambos os lados das beiras do río Okavango, en Namibia e Angola.

Rukwangali ***RuKwangali, SiKwangali***	
Outros nomes:	**Kwangali**
Falado en:	Namibia Angola
Rexións:	Río Okavango
Total de falantes:	200 000 (aproximadamente)
Posición:	Linguas bantús
Familia:	Atlántico-congo Benue–congo Bantoide meridional Bantú Kavango – bantú suroccidental **Rukwangali**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Namibia
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	kwn (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=kwn)

Índice

Historia
Características
Notas
Véxase tamén
Bibliografía
Ligazóns externas

Historia

É a lingua máis falada pola etnia kavango, e un dos idiomas oficiais de Namibia, que se usa regularmente nas transmisións da Compañía Nacional de Radio (*Namibian Broadcasting Corporation*).

De todas as linguas usadas polos kavango, esta é a única que ten escritura (en caracteres latinos), o que permitiu a tradución de diversos libros a este idioma, proxectos que son principalmente financiados por algunhas das embaixadas na capital, Windhoek.


Aínda que se estima que máis de 200 000 persoas o falan con fluidez, en 2018 uns 152 000 o tiñan como a súa lingua materna.[1]

Desde que os kavango foron evanxelizados, tardiamente, as primeiras partes dunha tradución bíblica en RuKwangali apareceron só en 1960, por sacerdotes da Igrexa Católica Romana en Namibia, en 1974, todo o Novo Testamento en 1987, e a Biblia enteira (incluído o Antigo Testamento).

O RuKwangali foi a lingua oficial en Kavangolandia desde 1973 até 1989, e desde a independencia de Namibia en 1990, foi unha lingua nacional con traducións oficiais de importantes textos legais estatais. Tamén é a lingua cultural dos reis de Kavango.

Segundo as directrices para a educación en Namibia, danse leccións de RuKwangali até o 3º curso a todos os estudantes na súa lingua nativa, con libros de texto axeitados (prosa, obras dramáticas e poesía),[2] como lingua escrita. (En termos modernos, as palabras son importadas a miúdo de idiomas europeos).

Nas clases de ensino superior ofrécese RuKwangali, inglés e afrikaans como linguas de instrución,[3] e no Departamento de Idiomas Africanos da Universidade de Namibia pódese escoller a lingua e literatura RuKwangali como materia de estudo.[4]



Distribución de falantes de linguas kavango en Namibia, por rexións.

Características

É unha das varias linguas bantús da rexión do río Okavango que teñen consoantes de "chasquido de lingua"; trátase das dentais *c* e *gc*, xunto con prenasalización e aspiración.

Maho (2009) inclúe o mbundza como dialecto, pero exclúe o sambyu, que inclúe en manyo.[5]

Notas

1. "Kwangali". *Ethnologue*. 2018. Consultado o 4 de setembro de 2019.
2. NIED Circular 2/2005: Prescribed Texts 2007 – 2009 (https://web.archive.org/web/20120904153328/http://www.nied.edu.na/publications/circulars/prescribedtexts2007_2009march2006.pdf). Goberno de Namibia. Consultado o 4 de setembro de 2019.
3. Overview Services & Infrastructure Education (http://www.runducity.iway.na/).
4. Universidade de Namibia (http://www.unam.na/centres/ces/dipl_educ_african_languges.html) *(en inglés)*.
5. Jouni Filip Maho (2009): New Updated Guthrie List Online (https://brill.com/fileasset/downloads_products/35125_Bantu-New-updated-Guthrie-List.pdf).

Véxase tamén

Bibliografía

- Dammann, Ernst (1957): *Studien zum Kwangali: Grammatik, Texte, Glossar*. Hamburg: Cram, de Gruyter & Co.
- Kloppers, J. K. (2004): *Rukwangali-English/English-Rukwangali Dictionary*. Windhoek: Gamsberg Macmillan-Verlag. ISBN 0-86848-878-X.
- Möhlig, Wilhelm J. G. & Karl Peter Shiyaka-Mberema (2005): *Dictionary of the Rumanyo language: Rumanyo-English/English-Rumanyo*. Köln: Rüdiger Köppe Verlag. ISBN 978-3-8964-5601-4.
- Nurse, Derek & Gérard Philippson (2003): *The Bantu languages*. London:Routledge. ISBN 978-0-4154-1265-0.

Ligazóns externas

- VV.AA. (2013): *Rukwangali/English for Children* (https://web.archive.org/web/20151007095249/http://www.editionsducygne.com/Images/test_rukwangali.pdf). Paris: Éditions du Cygne.

ISBN 978-2-8492-4310-7.
- Citas bíblicas en Kwangali (https://web.archive.org/web/20160323095736/http://seghea.com/pat/bible/moRukwangali.html).